

**REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 23/09/2021 13:53:42

**SAIDA 14723/21**



Reclamante   
Expediente. Nº **RSCTG 91/2021**

Correo electrónico:

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por mediante escrito do 28 de xuño de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 21 de setembro de 2021, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 28 de xuño de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude presentada ante a Consellería de Sanidade, de acceso aos informes aos que se fai referencia na exposición de motivos da Orde do 7 de maio de 2021, que fundamentan as restricións establecidas sobre o dereito fundamental de reunión que se estableceron nesa data.

O reclamante indicaba que non tivo resposta á súa solicitude.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, do seu DNI

**Segundo.** Con data do 6 de xullo de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Sanidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

**Terceiro.** Con data do 27 de xullo de 2021 a Consellería de Sanidade contesta a petición, informando que mediante Resolución desta Secretaría Xeral Técnica de data do 21/07/2021 estímase conceder a información instada na materia que é de competencia desta Consellería de Sanidade, remitíndolle ao interesado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública de data do 6/05/2021.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas

funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e

reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Sanidade non resolveu dentro do prazo ordinario dun mes que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016, polo que procede admitir a reclamación presentada con data do 4 de maio de 2021.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

O interesado solicitou á Consellería de Sanidade acceso aos informes aos que se fai referencia na exposición de motivos da Orde do 7 de maio de 2021, que fundamentan as restricións establecidas sobre o dereito fundamental de reunión que se estableceron nesa data.

A Consellería, se ben non resolveu a solicitude de acceso á información dentro do prazo que a Lei establece, ditou resolución expresa o 21 de xullo de 2021, unha vez que o interesado xa tiña presentada reclamación ante esta Comisión ( 28 de xuño de 2021).

A Consellería de Sanidade na resolución pola que se resolve a solicitude, resolve conceder o acceso á información a que se refire a mesma, xuntándolle Informe de 6 de maio de 2021 da Dirección Xeral de Saúde Pública, citado na exposición de motivos da referida Orde da Consellería de Sanidade de 7 de maio de 2021.

Na dita resolución se aclara que gran parte do contido dese informe xa se atopa reflectido na propia exposición de motivos, facéndose referencia, especialmente respecto das limitacións en horario nocturno, ao Real decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma.

A Consellería de Sanidade non dispón do estudo do Centro Europeo para a Prevención e Control de Enfermidades, sendo a exposición de motivos do Real decreto 926/2020, de 25 de outubro, a norma que o cita, e en base ao cal considera que obra en poder da Administración do Estado.

De acordo co anterior procede a estimación por motivos formais da reclamación presentada, sen prexuízo de que si o reclamante o estima convinte, poida presentar reclamación ante esta Comisión fronte á resolución expresa ditada pola Consellería con data do 21 de xuño de 2021, e na tramitación da mesma poidan ser analizados os seus argumentos, ditándose a resolución que corresponda.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

## ACORDA

**Único:** Estimar por motivos formais a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 28 de xuño de 2021, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude presentada ante a Consellería de Sanidade, de acceso aos informes aos que se fai referencia na exposición de motivos da Orde do 7 de maio de 2021, que fundamentan as restricións establecidas sobre o dereito fundamental de reunión que se estableceron nesa data,.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:

S6500009C)

Fecha: 2021.09.23 13:21:06 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

**Presidenta da Comisión da Transparencia.**